

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de maio de 2022**

Ás 17.30 horas do día 19 de maio de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista (substituída por don Aurentino Alonso Araújo) nin dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista (substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 21 de abril de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se existe algunha novidade respecto ao gran hotel termal que se vai poñer en marcha neste edificio, xa que cree que en xuño ou xullo xa teríamos a situación do novo espazo da Deputación Provincial.

A Sra. presidenta da comisión responde que non ten ningunha novidade dende a última vez que falamos. Falouse do mes de xuño para a situación. Cando dispoña de información faralla chegar.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta sobre o millón e medio de euros que viña na modificación orzamentaria, aprobada no pleno do mes pasado, para a estación de Montaña de Meisa, entende que virá acompañado doutra achega da Xunta de Galicia por outro millón e medio, xa que son os dous organismos que teñen case o 50% das accións. Pregunta se eses cartos teñen un obxectivo finalista e saber a que se van dedicar eses fondos, se son para mantemento do funcionamento da estación ou hai unha nova orientación dos obxectivos.

A Sra. presidenta da comisión di que contestará cando dispoña de información.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta polo procedemento aberto de contratación tramitado para o servizo de xestión e recollida do punto limpo dos residuos perigosos nos 17 puntos limpos da Deputación Provincial. Nste procedemento declarouse deserto o expediente ao non presentarse oferta válida ningunha. Pregunta se houbo ofertas e cal é o motivo polo que se rexeitaron e cal é o procedemento a seguir agora.

A Sra. presidenta da comisión di que tamén cando dispoña de información lla fará chegar.

E, ás 17.34 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

